

Edificio Politécnico  
Campus universitario  
32004 Ourense  
España

Tel. 988 387 000  
Fax 988 387 001

[esei.uvigo.es](http://esei.uvigo.es)  
[info@esei.uvigo.es](mailto:info@esei.uvigo.es)

## PROTOCOLO DE ACTUACIÓN ANTE A DETECCIÓN DE FRAUDES ACADÉMICOS

Aprobado en Xunta de Centro o día 19 de Decembro de 2025

O Estatuto do Estudante Universitario aprobado por Real Decreto 1791/2010, de 30 de decembro establece entre os deberes do estudiantado universitario no seu artigo 13.d) o de absterse da utilización ou cooperación en procedementos fraudulentos nas probas de avaliación, nos traballos que se realicen ou en documentos oficiais da universidade.

O título II da Lei 3/2022, do 24 de febreiro, de convivencia universitaria establece o réxime disciplinario determinando as faltas e sancións aplicables ao estudiantado das universidades públicas que, na nosa Universidade se especifica a través do Regulamento de Réxime Disciplinario do Estudiantado da Universidade de Vigo (Aprobado polo Claustro Universitario, o 18 de abril de 2023).

O artigo 11.g da Lei de convivencia universitaria tipifica como infracción moi grave:

*Plaxiar total ou parcialmente unha obra, ou cometer fraude académico na elaboración do Traballo de Fin de Grao, o Traballo de Fin de Máster ou a Tesis Doutoral. Entenderase como fraude académico calquera comportamento premeditado tendente a falsear os resultados dun exame ou traballo, propio ou alleo, realizado como requisito para superar unha disciplina ou acreditar o rendemento académico.*

O artigo 12 tipifica como faltas graves:

*a) Apoderarse indebidamente do contido de probas, exames ou controis de coñecemento.*

*(...)*

*d) Cometer fraude académico, definido este de acordo co disposto no artigo 11.g).*

No Regulamento de Réxime Disciplinario do Estudantado da Universidade de Vigo se tipifican asimismo as faltas disciplinarias do estudantado no artigo 3.

Tendo a consideración de falta moi grave:

*Plaxiar total ou parcialmente una obra ou cometer fraude académica na elaboración do Traballo de Fin de Grao, do Traballo de Fin de Máster ou da Tese de Doutoramento (art. 3.2.g);*

E faltas graves:

*Apoderarse indebidamente do contido de probas, exames ou controis de coñecemento; e*

*Cometer fraude académica, cando non constitúa falta moi grave.*

A comisión das faltas tipificadas nesta normativa universitaria poderán dar lugar a apertura dun expediente disciplinario que podería determinar a aplicación das sancións previstas no artigo 4 do Regulamento de Réxime Disciplinario do Estudantado da Universidade de Vigo:

*3. Son sancións aplicables pola comisión de faltas moi graves:*

*a) Expulsión de dous meses ata tres anos da Universidade. Esta sanción deberá constar no expediente académico ata o seu total cumprimento.*

*b) Perda de dereitos de matrícula parcial, durante un curso ou semestre académico.*

*4. Son sancións aplicables pola comisión de faltas graves:*

*a) Expulsión de hasta un mes da Universidade. Esta sanción non se poderá aplicar durante os períodos de avaliación final e de matriculación previstos no calendario académico da universidade.*

*b) Perda do dereito á convocatoria ordinaria no semestre académico no que se cometa a falta e respecto da materia na que se tivese cometido.*

*c) A perda dos dereitos de matrícula non poderá afectar aos dereitos relativos ás bolsas nos termos previstos na súa normativa de desenvolvemento e nas súas convocatorias.*

*5. De conformidade co disposto no artigo 11.g) da Lei de convivencia universitaria, enténdese como fraude académica calquera comportamento premeditado tendente a falsear os resultados dun exame ou traballo, propio ou alleo, realizado como requisito para superar unha materia ou acreditar o rendemento académico.*

Co fin de asegurar un procedemento uniforme e garantista tanto para o profesorado como para o estudiantado da ESEI, que permita a prevención da fraude académico no sentido do artigo 11.g) da Lei de convivencia universitaria e a súa sanción con todas as garantías previstas na lexislación vixente, a ESEI aproba o seguinte protocolo:

PRIMEIRO.- En calquera proba con independencia do seu valor ou do sistema de avaliación, continua ou global, o profesorado poderá esixir como condición previa a realización da mesma que o estudiantado deposite apagados os seus teléfonos móbiles ou calqueira outros dispositivos que foran susceptibles de ser empregados para cometer fraude académico e recibir e emitir comunicacións, nunha caixa ou en elementos específicos que eviten a transmisión de información por parte destes dispositivos ou a súa consulta durante a sesión de avaliación.

Estas caixas e elementos serán habilitados polo centro para aquelas probas que se soliciten por parte do profesorado. Ao estudantado que non cumpra con esta condición o profesorado poderá denegarlle a realización da proba.

Co fin de garantir a seguridade dos dispositivos do estudantado, o profesorado que vaia implantar esta medida deberá avisar con 24 horas de antelación da proba ao estudantado a través de Moovi para que o estudantado poida prever como identificar os seus dispositivos do xeito que considere máis adecuado ou optar por non acudir con eles as probas.

Os dispositivos ou outros elementos indicados non poderán estar fora das caixas ou elementos establecidos dentro da aula de avaliación: co estudantado, roupa, mochilas, cazadoras, abrigos, bolsas, etc.

De acordo co previsto no artigo 42.3 do Regulamento sobre a avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado (Aprobado no claustro do 18 de abril de 2023), en caso de que o profesorado detectase durante a proba a posesión dun teléfono móbil ou outro dispositivo tecnolóxico ou non, que poida ser empregado para cometer fraude académico, deberá identificar ao/a estudante, quen tras ser identificado, deberá abandonar inmediatamente a proba.

O centro proveerá o profesorado responsable, dentro das posibilidades tecnolóxicas existentes, e a capacidade orzamentaria dispoñible, de dispositivos de detección de transmisións dentro das aulas onde se realice a proba.

O profesorado poderá tomar unha fotografía do dispositivo detectado co fin de asegurar mellor a proba no caso de incoarse expediente disciplinario.

Segundo o previsto no apartado 4 dese precepto, o profesorado que detectase o uso de medios e materiais ilícitos, deberá presentar no órgano de dirección do centro un informe da incidencia coas circunstancias do feito e da actuación levada a cabo, no día seguinte hábil á realización da proba presencial ou, no caso doutro tipo de proba, desde a comprobación do uso fraudulento, en calquera caso, o citado prazo non será superior ao establecido para a publicación dos resultados das probas de avaliación. O centro remitiralle de forma inmediata unha copia do informe ao departamento e ao estudantado implicado.

SEGUNDO.- O profesorado que detectase a comisión dunha fraude académica, aínda sen que concurra na súa comisión o emprego de dispositivos tecnolóxicos, identificará o/a estudante, quen deberá abandonar inmediatamente a proba tal e como establece o artigo 42.3 do Regulamento de avaliación. Como no caso anterior, poderá tomar una fotografía dos medios ou materiais ilícitos empregados na fraude académica para asegurar a proba en caso de incoarse expediente disciplinario para aportala á dirección do centro xunto co informe descrito no apartado anterior.

TERCEIRO.- En ambos casos, o profesorado deberá adoptar a medida de suspender ao estudantado nesa convocatoria coa calificación de “cero



---

Edificio Politécnico  
Campus universitario  
32004 Ourense  
España

Tel. 988 387 000  
Fax 988 387 001

[esei.uvigo.es](http://esei.uvigo.es)  
[info@esei.uvigo.es](mailto:info@esei.uvigo.es)

---

(suspenseo)” segundo o establecido no artigo 42.1 do Regulamento de avaliación.

CUARTO.- A ESEI co fin de que o seu estudantado coñeza as consecuencias posibles da comisión dunha fraude académica colocará nas aulas, en lugares visibles, carteis informativos ao respecto, así como sobre as posibles sancións disciplinarias previstas na lexislación universitaria.